



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR INSTALACIÓN DE QUIOSCOS NA VÍA PÚBLICA

### ARTIGO 1º.- FUNDAMENTO

Facendo uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 144 da Constitución, e polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de A Guarda establece a Taxa por instalación de quioscos na vía pública, á que se refire o artigo 20.3m) da devandita Lei 39/88 (actualizada de acordo coa Lei 25/98, de modificación do réxime legal das taxas estatais e locais e de reordenación das prestacións patrimoniais de carácter público), que se rexerá pola presente ordenanza, da que as normas atenden ao establecido no artigo 58 da citada Lei reguladora das facendas Locais.

### ARTIGO 2º.- FEITO IMPOÑIBLE

Constitúe o feito imponible desta taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial que se deriva de ocupacións en terreos de uso público local con quioscos ou outras pequenas construcións móbiles de características análogas.

### ARTIGO 3º.- SUXEITO PASIVO

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas ou entidades a favor das que se outorguen as licencias, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se procedeu sen a oportuna autorización.

### ARTIGO 4º.- RESPONSABLES

1. Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.
2. Serán responsables subsidiarios ou administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

### ARTIGO 5º.- EXENCIONS E BONIFICACIONES

Aplicaranse os beneficios fiscais previstos en normas co rango de Lei, e nos tratados internacionais.

### ARTIGO 6º.- BASE IMPOÑIBLE

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa o valor de mercado que tería a utilización privativa ou o aproveitamento especial, a isto en función do tipo de aproveitamento, o tempo de duración do aproveitamento ó longo do ano e a categoría da vía pública sobre a que se emprazan.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

## ARTIGO 7º.- PERÍODO IMPOSITIVO E DEVENGO DA TAXA

1. O período impositivo coincidirá co ano natural. A esixibilidade da taxa comezará o primeiro día do ano, agás nos casos de alta ó longo do período impositivo, nos que se producirá no momento da devandita alta.

2. As cantidades esixibles de conformidade coas tarifas liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado e serán irredutíbeis polo período sinalado.

## ARTIGO 8. COTA TRIBUTARIA

1.- A contía da taxa regulada nesta Ordenanza será a fixada nas tarifas contidas no presente artigo.

2.- As tarifas serán as seguintes:

- Quioscos dedicados á venda de prensa, libros, tabaco, loterías, lamberetadas, etc. ó ano..... 638,73 €
- Quioscos dedicados á venda de xeados e demais artigos propios de temporada ó ano ..... 319,35 €
- Outros quioscos non especificados ó ano ..... 638,73 €

3.- Os titulares dos quioscos que acrediten unha minusvalía do 33% ou superior e os dos postos de venda da ONCE e similares pagarán o 25% das tarifas sinaladas no apartado anterior, sempre que atendan as mesmas persoas, cun grado de minusvalía igual ou superior ó sinalado.

4.- No suposto de que se utilicen procedementos de licitación pública, o importe da taxa determinarase polo valor económico da proposición sobre a que recaia a concesión, autorización ou adxudicación, que en ningún caso poderá ser menor da cantidade resultante da aplicación dos apartados anteriores.

5.- A taxa regulada nesta ordenanza é independente e compatible coa taxa por ocupación de terreos de uso público por mesas e cadeiras con finalidade lucrativa.

## ARTIGO 9º: NORMAS DE XESTIÓN

1. Os suxeitos pasivos están na obriga de presentar no modelo oficialmente aprobado polo Excmo. Concello as oportunas declaracións de alta e baixa.

2. As devanditas declaracións deberán ser presentadas:

a) Nos casos de alta, con anterioridade á súa instalación.

b) Nos casos de baixa, unha vez realizada a retirada dos mesmos.



# CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)

3. A presentación fóra de prazo da declaración de baixa obrigara ó suxeito pasivo a achega-los elementos de proba, suficientes a xuízo da Administración, de que se produciu esta baixa ou minoración dos elementos tributarios, sen perxuízo das sancións que se puidesen impor pola falta de presentación das declaracións.

## **ARTIGO 10º**

1. A cobranza periódica da taxa realizarase mediante documento remitido ó domicilio do suxeito pasivo, apto para permiti-lo cobro en entidade bancaria colaboradora. Non obstante, a non recepción do documentos de pago citado non invalida a obriga de satisfacer-la taxa no período determinado polo Concello no seu calendario fiscal.

2. As declaracións de alta presentadas producirán unha liquidación que lle será notificada ó suxeito pasivo, onde se lle comunicarán os prazos e a forma de ingreso da mesma.

3. As declaracións de baixa presentadas producirán a baixa no exercicio seguinte ó da súa presentación.

## **ARTIGO 11º**

En ningún caso a presentación das declaracións ou o pagamento da cota implicará que se entendan como autorizadas por Excmo. Concello as distintas instalacións.

## **DISPOSICIÓN TRANSITORIA**

Durante os seis meses seguintes á entrada en vigor desta ordenanza os suxeitos pasivos desta taxa presentarán a correspondente declaración de alta para adaptárense ós contidos da mesma.

## **DISPOSICIÓN FINAL**

A presente redacción desta Ordenanza Fiscal aprobada polo Pleno da Corporación en sesión celebrada o 30 de setembro de 2011, entrará en vigor o día seguinte o da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, sendo de aplicación a partir do 1 de xaneiro de 2012, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.